



INFORME DA PORCENTAXES DE SUPERACIÓN DE MATERIAS DO GRAO EN BIOLOXÍA DA USC

Curso Académico: 2019-2020

**Aprobado pola Comisión de Título do Grao en Bioloxía o 13/04/2021
Aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía o 28/04/2021**

Introdución	p. 3
Resultados	p. 4
<i>Xenerais</i>	p. 4
<i>Por curso</i>	p. 8
<i>Alarma temperá</i>	p. 16
Problemática xerada	p. 17
<i>Índices de calidade</i>	p. 17
<i>Bolsas de alumnos/as</i>	p. 18
Comparativa dos resultados dos cursos 2018/19 e 2019/20	p. 17

Introdución

O SGC da Facultade de Bioloxía conta cun protocolo propio (“Informe sobre materias con baixa taxa de superación recorrente”) para a detección de materias que, de forma recorrente, presentan baixas taxas de superación, funcionando este como un sistema de alerta que permite ter a información necesaria para poder corrixir as desviacións que presentan algunhas materias, respecto das porcentaxes de superación das materias do grao. Seguindo este protocolo, se unha materia obtivera valores de superación inferiores ao percentil do 20% (acumulativo de todas as materias dende que se empezou a impartir a titulación) durante dous cursos consecutivos, entraría na denominada alarma temperá. Nestes casos, o profesorado e o departamento responsable da docencia son informados, e se lles solicita que apliquen medidas para corrixir as desviacións detectadas (revisar e analizar a planificación, metodoloxía e sistemas de avaliación docente), para garantir que o alumnado alcance os resultados da aprendizaxe esperados.

A docencia do curso 2019/20 estivo afectada polo confinamento como consecuencia da pandemia mundial derivada da COVID-19, de maneira que a partir de marzo do 2020 a docencia (incluído o proceso de avaliación) mudou de presencial a telemática. Respecto ao proceso de avaliación, a Secretaría Xeral da USC dictou a Instrución 2/2020 en aplicación do artigo 4.3 do acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020, polo que se regula o réxime especial de avaliación do curso 2019/2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19. O mencionado artigo indica textualmente *“Para que esta situación excepcional non vaia en detrimento do expediente do alumnado, unha vez superada unha materia, esta recibirá unha cualificación que como mínimo será a correspondente á nota media do expediente do alumno/a. No caso de que a cualificación obtida da materia fose superior a esa nota media, no expediente reflectirase a cualificación obtida. Esta regra aplicarase a todas as materias anuais e do segundo cuadrimestre, incluídos TFG, TFM, prácticas e recoñecementos de cualificacións obtidas en réxime de mobilidade”*.

Non obstante os datos que se presentan neste informe corresponden as cualificacións obtidas polos estudantes nas distintas materias e non as modificadas tendo en conta a nota media do expediente.

O presente informe tamén inclúe unha análise das diferenzas entre as cualificacións das materias, de formación básica e obrigatorias, do curso 2018/19 con docencia presencial e o curso 2019/20 con docencia presencial e telemática.

Resultados

Xenerais

O promedio (ponderado polo número de créditos) de alumnos/as que superan en cada convocatoria (incluíndo as dúas oportunidades) as materias do grao das que se matriculan foi, dende o inicio dos estudos, do 72,4%. Esta media variou desde o curso 2009/10 ata o 2019/20 da seguinte forma: 60,8%, 60,3%, 60,6%, 69,5%, 69,5%, 70,2%, 69,3%, 74,7%, 75,9%, 77,2% e 90,6%. Este valor non é comparable no tres primeiros anos, xa que corresponden a un (primeiro), dous (primeiro e segundo) ou tres (primeiro, segundo e terceiro) cursos de impartición, mentres que a partir do curso 2012/13 xa corresponde aos catro curso do grao. O valor é estable nos tres primeiros cursos aumentado de forma clara, en máis dun 10%, ao empezar a impartirse cuarto. A partir deste curso mantense estable ao redor do 70% ata o curso 2015/2016, nos cursos académicos 2016/17 a 2018/19 observase un importante incremento tomando valores entre o 75% e o 77%, e no curso 2019/2020, no que a docencia do segundo semestre foi maioritariamente telemática, o valor é superior ao 90%, o que supón unha subida de 13 puntos porcentuais respecto ao curso anterior.

Se aumentamos o nivel de detalle podemos observar as porcentaxes de superación das materias para cada curso académico e curso do grao (Figura 1). A Táboa 1 inclúe estas porcentaxes xunto coa media e o erro estándar correspondente a cada curso.




Figura 1. Promedio ponderado polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico.

Podemos observar que, no curso académico 2019/20, as porcentaxes de superación son moito máis elevadas que nos cursos anteriores, especialmente nos tres primeiros cursos do grao con incrementos de 16, 13 e 19 puntos porcentuais en primeiro, segundo e terceiro curso respectivamente, respecto as porcentaxes de superación do curso 2018/19. En cuarto as diferenzas na porcentaxe de superación nos distintos cursos académicos son menores, mostrándose cuarto como un curso bastante estable en todos os cursos académicos, presentando unha menor dispersión (Táboa 1).

Ainda que a mellora dos resultados vense observando dende o curso 2015/16, os elevados incrementos na porcentaxe de superación no curso académico 2019/20 debe estar relacionada fundamentalmente, coa modificación dos criterios de avaliación en algunhas materias (incrementos na ponderación da avaliación continua) e coa realización das probas de avaliación de xeito non presencial e con poucas garantías respecto, por exemplo, a identificación do alumnado e a o uso do material de recomendado para o estudo.

Tabla 1. Promedio ponderado polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. Inclúese a media e o erro estándar (E.E.) correspondente a cada curso do grao. Nota de corte da PAU/ABAU e número de alumnos que abandonan en primeiro curso.

	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	Nota corte PAU
2009/2010	61%				5.13
2010/2011	56%	65%			5.44
2011/2012	60%	58%	63%		6.97
2012/2013	60%	65%	66%	87%	5.17
2013/2014	61%	64%	67%	86%	6.88
2014/2015	62%	67%	66%	86%	7.80
2015/2016	63%	69%	61%	84%	8.55
2016/2017	70%	69%	73%	87%	9.00
2017/2018	74%	70%	72%	88%	9.36
2018/2019	75%	73%	73%	87%	9.65
2019/2020	91%	86%	92%	94%	9.85
Media	67%	69%	70%	87%	--
E.E.	3%	2%	3%	1%	--

Por curso

A continuación, aumentando o nivel de detalle, preséntase a porcentaxe de alumnos que superan unha determinada materia en cada un dos cursos académicos; os resultados agrupáronse por curso do Grado. Calculouse para o total das materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu o percentil inferior do 10 e 20% da porcentaxe de alumnos que superan as materias. Estes percentiles tiveron os valores do 54% para a $p=0.1$ e do 59% para a $p=0.2$; valores que se incrementaron en 2 e 1 puntos porcentuais ao engadir os resultados das materias do curso 2019/20. No curso 2019/20 todas as materias presentan porcentaxe de superación superiores ao percentil do 20%. Devanditos percentiles incluíronse como liñas horizontais nas figuras que se mostran a continuación e como tramas nas táboas.

Nos resultados de primeiro curso (Figura 2 e Táboa 2) é onde se observan os maiores incrementos nas porcentaxes de superación de materias, o promedio ponderado do curso 2019/20 (91%) é 24 puntos porcentuais superior ao promedio considerando todos os cursos anteriores, dende o inicio dos estudos do grao (64%).

Os resultados máis chamativos son nas materias de Bioloxía dos Tecidos e Órganos e Química para Bioloxía nas que as taxas de superación no curso 2019/20 incrementáronse en 39 e 38 puntos porcentuais, respectivamente, respecto as do curso 2018/19, e 40 e 42 puntos porcentuais respecto ao valor medio dos curso de 2009/10 a 2018/19. A materia Química para a Bioloxía é unha das que presentaba os peores resultados do grao, estando os valores por debaixo do percentil do 20% e incluso 10% en algún deles, dende o inicio do grao (Figura 2).

Outras materias como Bioestatística, Biofísica, Matemáticas para Bioloxía e Fundamentos de Bioloxía Animal e Vexetal presentan, no curso 2019/20, taxas de superación de entre 10 a 17 puntos porcentuais superiores as do curso 2018/19, e finalmente en Bioloxía da Célula, Xeoloxía e Técnicas Básicas as diferenzas son pouco importantes (ate un 4%).




Figura 2. Porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias do primeiro curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderado polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. A liña horizontal vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A liña horizontal laranxa representa o percentil inferior do 20%.

Táboa 2. Porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias do primeiro curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A trama vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A trama laranxa o do 20%.

	Bioestatística	Biofísica	Biología da célula	Biología dos tecidos e órganos	Fundamentos de Biología Animal e Vexetal	Matemáticas para Biología	Química para Biología	Técnicas Básicas	Xeoloxía	promedio pond. curso
2009/2010	36%	58%	64%	59%	55%	61%	57%	85%	75%	61%
2010/2011	49%	58%	63%	53%	63%	59%	52%	70%	38%	56%
2011/2012	62%	71%	54%	54%	60%	71%	46%	75%	51%	60%
2012/2013	53%	65%	60%	52%	61%	73%	49%	81%	50%	60%
2013/2014	58%	71%	49%	55%	60%	72%	47%	84%	60%	61%
2014/2015	54%	58%	54%	55%	61%	75%	47%	86%	75%	62%
2015/2016	74%	63%	43%	48%	62%	73%	55%	83%	72%	63%
2016/2017	65%	67%	62%	69%	78%	72%	48%	93%	88%	70%
2017/2018	86%	72%	64%	72%	75%	64%	57%	94%	88%	74%
2018/2019	82%	80%	63%	58%	82%	74%	55%	98%	93%	75%
2019/2020	92%	94%	64%	97%	95%	91%	93%	98%	97%	91%
Media	65%	69%	58%	61%	68%	72%	55%	86%	72%	67%
E.E.	5%	3%	2%	4%	4%	3%	4%	3%	6%	3%

Podemos observar os resultados das materias de segundo na Figura 3 e na Táboa 3. Como no caso de primeiro, os resultados de segundo curso para o curso 2019/20, son moito mellores que os de cursos anteriores e por primeira vez dende o inicio do grado ningunha materia de segundo ten valores de superación por debaixo do percentil do 20%. Destaca a taxa de superación do 95% na materia Bioquímica II, materia que desde o inicio da súa implantación presentaba resultados por debaixo do percentil do 20% (cursos 2010/11, 2015/16, 2016/17 e 2018/19) e do 10% (2011/12, 2012/13, 2013/14, 2014/15 e 2017/18).

Tamén son destacables os resultados de Zooloxía I na que o valor no curso 2019/20 (72%) é 25 puntos porcentuais superior ao do curso 2018/19 (47%), aínda que, esta materia entre os cursos 2010/11 e 2016/17, tivo valores de superación entre o 61% e o 84%. Neste caso, os cambios no profesorado poideron estar relacionados cos peores resultados de aprendizaxe observados no alumnado dos cursos 2017/18 e 2018/19.

Outras materias como Bioquímica I, Xenética I, Zooloxía II e Bioxeoquímica presentan taxas de superación de entre 10 a 17 puntos porcentuais superiores as do curso 2018/19, e finalmente en Bioloxía do Desenvolvemento, Botánica I e II, e Xenética I as diferenzas son menos importantes (ate un 9%).




Figura 3. Porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias do segundo curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. A liña horizontal vermella representa o percentil inferior do 10% (e a laranxa o do 20%) da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu.

Táboa 3. Porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias do segundo curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderado polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A traza vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A traza laranxa o do 20%.

	Biología do desenvolvemento	Bioquímica I	Bioquímica II	Bioxeoquímica	Botánica I	Botánica II	Xenética I	Xenética II	Zoología I	Zoología II	promedio pond. curso
2010/2011	84%	58%	54%	64%	64%	64%	54%	63%	68%	75%	65%
2011/2012	70%	51%	31%	58%	65%	63%	51%	49%	71%	74%	58%
2012/2013	79%	40%	38%	60%	82%	83%	67%	62%	66%	75%	65%
2013/2014	72%	61%	42%	67%	54%	85%	65%	54%	61%	79%	64%
2014/2015	66%	64%	54%	76%	73%	82%	57%	48%	72%	81%	67%
2015/2016	69%	58%	56%	81%	74%	76%	49%	68%	84%	75%	69%
2016/2017	76%	74%	57%	84%	74%	81%	59%	50%	61%	70%	69%
2017/2018	76%	71%	50%	69%	80%	86%	61%	63%	56%	82%	70%
2018/2019	83%	66%	57%	82%	93%	86%	67%	69%	47%	80%	73%
2019/2020	84%	84%	95%	92%	93%	95%	67%	82%	72%	92%	86%
Media	76%	63%	53%	73%	75%	80%	60%	61%	66%	78%	69%
E.E.	2%	4%	6%	4%	4%	3%	2%	4%	3%	2%	2%

En referencia as materias de terceiro os resultados, tratados da mesma forma que en cursos anteriores, pódense observar na Figura 4 e na Táboa 4. No curso 2019/20 a maioría das materias presentan valores de superación superiores ao 87% e so en dúas materias do primeiro semestre os valores son lixeiramente máis baixos (Fisioloxía Vexetal I - 79% e Xenética Evolutiva – 74%).

En terceiro curso destacan os incrementos na taxa de superación de 40, 36 e 29 puntos porcentuais nas materias Fisioloxía Vexetal II, Fisioloxía Animal e Fisioloxía Animal Comparada respectivamente, respecto aos resultados das mesmas no curso 2018/19.




Figura 4. Porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias do terceiro curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderado polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. A liña horizontal vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A liña horizontal laranxa o do 20%.

Táboa 4. Porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias do terceiro curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderado polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A trama vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A trama laranxa o do 20%.

	Microbioloxía I	Microbioloxía II	Antropoloxía Biolóxica	Ecoloxía I	Ecoloxía II	Fisioloxía Animal	Fisioloxía Animal Comparada	Fisioloxía Vexetal I	Fisioloxía Vexetal II	Xenética Evolutiva	promedio pond. curso
2011/2012	76%	74%	61%	75%	77%	59%	59%	45%	53%	50%	63%
2012/2013	87%	78%	71%	76%	83%	59%	54%	52%	39%	58%	66%
2013/2014	86%	80%	65%	81%	84%	54%	67%	48%	41%	62%	67%
2014/2015	82%	72%	60%	63%	79%	60%	70%	57%	52%	62%	66%
2015/2016	75%	70%	71%	74%	72%	56%	58%	42%	39%	56%	61%
2016/2017	82%	85%	69%	77%	81%	75%	75%	68%	55%	59%	73%
2017/2018	81%	77%	74%	83%	79%	76%	68%	68%	57%	61%	72%
2018/2019	84%	87%	86%	77%	78%	60%	68%	62%	58%	73%	73%
2019/2020	96%	96%	99%	87%	93%	96%	97%	79%	98%	74%	92%
Media	83%	80%	73%	77%	81%	66%	69%	58%	55%	62%	70%
E.E.	2%	3%	4%	2%	2%	5%	4%	4%	6%	3%	3%

Para finalizar, os resultados de cuarto curso preséntanse na Táboa 5 e na Figura 5 para as materias obrigatorias e as materias con maior relación co medio natural e na Táboa 6 e na Figura 6 o resto das correspondentes a este curso. Excepto en Edafoloxía na que só o 61% do alumnado superou a materia (o valor máis baixo dende que se iniciaron os estudos do grao), todas as materias de cuarto curso presentan taxas de superación que están por riba do 89% e, excepto en Biodiversidade Vexetal e Conservación, son superiores as do curso 2018/19. Destacan os incrementos superiores a 25 puntos porcentuais nas materias de Bioloxía Molecular, Parasitoloxía e Patoloxía molecular.




Figura 5. Porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias do cuarto curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderado polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. A liña horizontal vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A liña horizontal laranxa o do 20%.

Táboa 6. Porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias do cuarto curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderado polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A traza vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A traza laranxa o do 20%.

	Biología Molecular	Ecoloxía III	Redacción e execución de proxectos	Traballo fin de grao	Fitopatoloxía	Edafoloxía	Biodiversidade animal e conservación	Biodiversidade vexetal e conservación	Xeobotánica	Zooxeografía	promedio pond. curso
2012/2013	43%	93%	92%	100%	93%	91%	89%	84%	88%	91%	87%
2013/2014	47%	94%	93%	100%	98%	73%	89%	95%	76%	93%	86%
2014/2015	50%	95%	92%	100%	98%	64%	88%	89%	93%	96%	86%
2015/2016	61%	89%	91%	100%	98%	80%	80%	100%	93%	82%	84%
2016/2017	51%	98%	90%	100%	97%	100%	90%	100%	97%	81%	87%
2017/2018	58%	95%	95%	100%	95%	93%	96%	91%	96%	95%	88%
2018/2019	62%	97%	96%	100%	93%	73%	88%	100%	97%	95%	87%
2019/2020	90%	99%	97%	100%	100%	61%	89%	96%	100%	97%	94%
Media	58%	95%	93%	100%	96%	79%	89%	94%	93%	91%	85%
E.E.	6%	1%	1%	0%	1%	5%	2%	2%	3%	2%	1%




Figura 6. Porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias do terceiro curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderado polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. A liña horizontal vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as

materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A liña horizontal laranxa o do 20%.

Tabla 6. Porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias do cuarto curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderado polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A traza vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu. A traza laranxa o do 20%.

	Neurobioloxía	Parasitoloxía	Enxeñaría Xenética	Evolución humana e diversidade molecular	Viroloxía	Xenética humana	Bioteconoloxía vexetal	Bioquímica clínica e Patoloxía molecular	Inmunoloxía	Microbioloxía clínica
2012/2013	74%	78%	100%	90%	91%	97%	90%	68%	91%	96%
2013/2014	89%	74%	81%	87%	82%	97%	95%	86%	86%	80%
2014/2015	85%	75%	93%	86%	89%	96%	83%	78%	90%	86%
2015/2016	88%	72%	83%	69%	83%	91%	89%	62%	82%	82%
2016/2017	92%	70%	72%	89%	87%	93%	92%	78%	79%	92%
2017/2018	87%	76%	75%	85%	86%	98%	82%	76%	83%	98%
2018/2019	88%	65%	78%	92%	78%	94%	91%	70%	76%	94%
2019/2020	96%	90%	97%	93%	92%	100%	92%	95%	94%	100%
Media	87%	75%	85%	86%	86%	96%	89%	77%	85%	91%
E.E.	2%	3%	4%	3%	2%	1%	2%	4%	2%	3%

De forma xeral, no curso 2019/20 os cambios na docencia debidos a pandemia pola COVID-19 provocaron un incremento importante na porcentaxe de alumnado que superou as distintas materias. Isto pode estar relacionado con distintos factores, como cambios nos criterios de avaliación, con incremento na ponderación da avaliación continua e coa realización de exames telemáticos.

Alarma temperá

De acordo co criterio incluído no SGC da Facultade de Bioloxía que funciona a modo de alarma temperá (mostrar valores inferiores ao percentil do 20% para todas as materias desde que se empezou a impartir a titulación durante dous anos consecutivos), elaborado para poder corrixir as desviacións dalgunhas materias respecto das porcentaxes de superación do total das materias correspondentes ao grao, en ningunha das materias se detecta dita alarma para o curso 20198/20.

Respecto ao curso anterior, deixan de estar en alerta temperá Química para Bioloxía, Bioquímica II e Zooloxía I. No caso de Química para Bioloxía e Bioquímica II, esta é a primeira vez dende o inicio dos estudos de grao que non están en alerta temperá.

Problemática xerada

Índices de calidade

As elevadas porcentaxe de superación de materias do curso 2019/20 van provocar un incremento nos valores da “taxa de graduación”, “taxas de avaliación” e “taxas de rendemento”.

Bolsas de alumnos/as

O problema que se plantexaba, en algunas materias con baixas porcentaxes de alumnos que as superan, era a formación de bolsas de alumnos repetidores. A mellora dos resultados no curso 2019/20 fixo descender drásticamente esta bolsa de alumnos en materias como Química para Bioloxía, Bioloxía dos Tecidos e Órganos, Bioquímica II, Fisioloxía Animal, Fisioloxía Vexetal II, Fisioloxía Animal Comparada e Bioloxía Molecular. Na Táboa inclúese o número de alumnos non presentados, suspensos e o total para as mencionadas materias, no curso 2018/19 e 2019/20.

	Curso 2018/19			Curso 2019/20		
	Non presentado	Suspenso	Total	Non presentado	Suspenso	Total
Química para Bioloxía	15	51	146	3	8	150
Bioloxía dos Tecidos e Órganos	23	39	146	5	0	178
Bioquímica II	17	66	194	8	1	176
Fisioloxía Animal	24	29	131	2	4	150
Fisioloxía Vexetal II	32	46	187	1	3	178
Fisioloxía Animal Comparada	5	41	144	3	2	159
Bioloxía Molecular	29	32	186	4	12	168

Táboa 7. Número de alumnos/as non presentado, suspensos e o total de matriculados nos cursos 2018/19 e 2019/20, para as materias nas que houbo cambios importantes no número de alumnos.

Comparativa dos resultados dos cursos 2018/19 e 2019/20

Para coñecer mellor a magnitude do cambio, examínanse as diferenzas na porcentaxe de alumnos non presentados e nas cualificacións obtidas, para as materias de formación básica e obrigatorias impartidas nos cursos 2018/19 e 2019/20. Esta análise realízase empregando un test estatístico non paramétrico (test de Mann-Whitney). Utilizouse este test xa que no curso 2015/16 testouse si as distribucións de cualificacións tiñan distribución normal (mediante a aplicación do test de Kolmogorov-Smirnov coa modificación de Lilliefors e de Shapiro-Wilk) e, na inmensa maioría dos casos as distribucións non foron normais, nin normalizables empregando as transformacións Box-Cox, polo que parece máis adecuado empregar un test non paramétrico.

Para valorar as diferenzas na porcentaxe de non presentados, calculóuse o percentil do 99% das diferenzas entre a porcentaxe de non presentados para cada materia no curso 2018/19 e no curso 2019/20 (este valor foi do 17%), e esta diferenza só está próxima ao valor do percentil 99 no caso de Fisioloxía Animal.

Obsérvanse diferenzas significativas nos resultados da maioría das materias de formación básica e obrigatorias (Táboa 8), só en 8 das 32 as cualificacións obtidas polo alumnado no curso 2019/20 non son significativamente diferentes as do curso 2018/19; estas son maioritariamente materias do primeiro semestre (Xeoloxía, Fundamentos de Bioloxía Animal e Vexetal, Bioloxía da Célula, Botánica I, Xenética I, Bioloxía do Desenvolvemento e Fisioloxía Vexetal I), aínda que tamén hai unha materia do segundo semestre (Bioestatística).

Nas maioría das materias o valor da mediana da cualificación do curso 2019/20 é superior a do curso 2018/19, aínda que hai materias nas que sucede o contrario: Botánica I (mediana de 7 no curso 2018/19 e de 6,5 no curso 2019/20), Xenética I (mediana de 6,3 no curso 2018/19 e de 6,1 no curso 2019/20), Bioloxía do Desenvolvemento (mediana de 7 no curso 2018/19 e de 6,6 no curso 2019/20), Zooloxía I (mediana de 6,2 no curso 2018/19 e de 5 no curso 2019/20), Fisioloxía Vexetal I (mediana de 5,7 no curso 2018/19 e de 5,6 no curso 2019/20) e Xenética Evolutiva (mediana de 5,8 no curso 2018/19 e de 5 no curso 2019/20).

Dentro das materias nas que o valor da mediana das cualificacións é superior no curso

2019/20 que no curso 2018/19 podemos diferenciar:

Materias con diferencia nas medianas < 0,5 puntos: Xeoloxía, Fundamentos de Bioloxía Animal e Vexetal, Bioloxía da Célula, Biofísica, Bioestatística, Bioquímica I, Bioxeoquímica, Ecoloxía III e Bioloxía Molecular

Materias con diferencia nas medianas entre 0,5 e 1 punto: Matemáticas para Bioloxía, Química para Bioloxía, Botánica II, Fisioloxía Animal Comparada, Microbioloxía I e Redacción e Execución de Proxectos

Materias con diferencia nas medianas > 1 punto: Técnicas Básicas, Bioloxía dos Tecidos e Órganos, Zooloxía I, Bioquímica II, Xenética II, Fisioloxía Animal, Ecoloxía II, Antropoloxía Biolóxica, Microbioloxía II e Fisioloxía Vexetal II.

Materia/Grupo	Cuatrimestre	Matriculados	Presentados	No presentados	% No Presentados	Aprobados	%aprobados presentados	%aprobados	Diferencia % de NP	Mediana	p value U_MW/W
Xeo_2018/19	1º	124	124	0	0%	115	93%	93%	1%	6.7	0.327
Xeo_2019/20	1º	134	130	2	1%	130	100%	97%		6.9	
Fun_2018/19	1º	120	115	5	4%	98	85%	82%	2%	7.3	0.08
Fun_2019/20	1º	125	122	3	2%	119	98%	95%		7.6	
BioCel_2018/19	1º	166	149	17	10%	104	70%	63%	7%	6.3	0.928
BioCel_2019/20	1º	174	168	6	3%	112	67%	64%		6.4	
Mat_2018/19	1º	128	116	12	9%	95	82%	74%	6%	6.5	0.038
Mat_2019/20	1º	128	124	4	3%	116	94%	91%		7.2	
QuiB_2018/19	An	146	131	15	10%	80	61%	55%	8%	5.7	0.000
QuiB_2019/20	An	150	147	3	2%	139	95%	93%		6.4	
Biof_2018/19	An	117	107	10	9%	94	88%	80%	5%	7.9	0.043
Biof_2019/20	An	121	116	5	4%	114	98%	94%		8.3	
TecB_2018/19	2º	98	96	2	2%	92	96%	94%	0%	7.1	0.000
TecB_2019/20	2º	114	112	2	2%	112	100%	98%		8.4	
BTecOrg_2018/19	2º	146	123	23	16%	84	68%	58%	13%	5.8	0.000
BTecOrg_2019/20	2º	178	173	5	3%	173	100%	97%		8.2	
Bioes_2018/19	2º	105	93	12	11%	86	92%	82%	5%	7.0	0.44726
Bioes_2019/20	2º	125	117	8	6%	115	98%	92%		7.3	
Botl_2018/19	1º	133	127	6	5%	124	98%	93%	3%	7.0	0.390
Botl_2019/20	1º	114	112	2	2%	106	95%	93%		6.5	
Zool_2018/19	1º	174	145	29	17%	81	56%	47%	3%	5.0	0.000
Zool_2019/20	1º	182	157	25	14%	131	83%	72%		6.5	
Biol_2018/19	1º	142	125	17	12%	94	75%	66%	4%	6.2	0.011
Biol_2019/20	1º	140	129	11	8%	118	91%	84%		6.5	

XenI_2018/19	1º	174	155	19	11%	117	75%	67%	5%	6.3	0.384
XenI_2019/20	1º	156	146	10	6%	105	72%	67%		6.1	
BioDes_2018/19	1º	138	121	17	12%	114	94%	83%	2%	7.0	0.435
BioDes_2019/20	1º	122	110	12	10%	103	94%	84%		6.6	
Bioll_2018/19	2º	194	177	17	9%	111	63%	57%	4%	6.1	0.000
Bioll_2019/20	2º	176	168	8	5%	167	99%	95%		7.7	
Zooll_2018/19	2º	134	126	8	6%	107	85%	80%	0%	6.2	0.008
Zooll_2019/20	2º	121	114	7	6%	111	97%	92%		5.0	
Botll_2018/19	2º	129	125	4	3%	111	89%	86%	2%	6.8	0.000
Botll_2019/20	2º	115	109	6	5%	109	100%	95%		7.8	
BioXeo_G2018/19	2º	145	140	5	3%	119	85%	82%	3%	7.4	0.003
BioXeo_2019/20	2º	124	116	8	6%	114	98%	92%		7.8	
XenII_2018/19	2º	177	158	19	11%	122	77%	69%	5%	6.3	0.000
XenII_2019/20	2º	152	143	9	6%	124	87%	82%		7.5	
FisVI_2018/19	1º	154	134	20	13%	96	72%	62%	9%	5.7	0.865
FisVI_2019/20	1º	151	145	6	4%	120	83%	79%		5.6	
FisA_2018/19	1º	131	107	24	18%	78	73%	60%	17%	5.9	0.000
FisA_2019/20	1º	150	148	2	1%	144	97%	96%		7.1	
Micrl_2018/19	1º	125	116	9	7%	105	91%	84%	4%	6.5	0.000
Micrl_2019/20	1º	123	119	4	3%	118	99%	96%		7.1	
Ecol_2018/19	1º	125	108	17	14%	96	89%	77%	7%	5.7	0.043
Ecol_2019/20	1º	133	124	9	7%	116	94%	87%		6.3	
XenEv_2018/19	1º	169	145	24	14%	124	86%	73%	4%	5.8	0.009
XenEv_GB	1º	139	125	14	10%	103	82%	74%		5.0	
Ecoll_2018/19	2º	134	130	4	3%	105	81%	78%	3%	5.9	0.000
Ecoll_2019/20	2º	137	137	0	0%	128	93%	93%		7.8	
AntBio_2018/19	2º	150	139	11	7%	129	93%	86%	6%	5.9	0.000
AntBio_2019/20	2º	128	127	1	1%	127	100%	99%		8.4	
MicrII_2018/19	2º	127	123	4	3%	111	90%	87%	1%	6.5	0.000
MicrII_2019/20	2º	131	126	5	4%	126	100%	96%		9.3	
FisAC_2018/19	2º	144	139	5	3%	98	71%	68%	1%	5.5	0.000
FisAC_2019/20	2º	159	156	3	2%	154	99%	97%		6.0	
FisVII_2018/19	2º	187	155	32	17%	109	70%	58%	16%	5.5	0.000
FisVII_2019/20	2º	178	177	1	1%	174	98%	98%		7.4	
EcoIII_2018/19	1º	120	118	2	2%	116	98%	97%	1%	7.1	0.007
EcoIII_2019/20	1º	116	115	1	1%	115	100%	99%		7.5	
BioM_2018/19	1º	186	157	29	16%	125	80%	67%	14%	5.3	0.000
BioM_2019/20	1º	168	164	4	2%	152	93%	90%		6.1	
Red_2018/19	2º	112	107	5	4%	107	100%	96%	2%	7.3	0.000
Red_2019/20	2º	116	114	2	2%	113	99%	97%		8.3	

Táboa 8. Inclúense para cada materia os alumnos presentados, os non presentados e a súa porcentaxe, a porcentaxe de aprobados dos alumnos presentados e a porcentaxe de aprobado dos alumnos matriculados. Inclúese igualmente as diferenzas na porcentaxe de alumnos non presentados (NP), a mediana e o valor da probabilidade do test da U de Mann-Whitney (resaltando en vermello os valores significativos para unha $p < 0.05$).